




COSTA DE POIO

Adela Leiro, Mon Daporta
decembro 2018



Distancia: 18,5 km (lineal) + camiñadas
Dificultade: baixa



- 1-RAXÓ. Praia de Xiorto.
- 2-Praia e porto de Raxó.
- 3-Praia, punta e enseada das Sinás. Praia A Lameiriña.
- 4-Praia de Fontemaioir
- 5-O Tombo
- 6-O Carballo
- 7-Punta do Mar
- 8-Praia do Laño.
Rego dos Muíños.
- 9-Punta de Samieira
- 10-Porto e praia de Covelo.
Rego de Covelo.
- 12-Area da Barca. Pta da Cachola.
Praia da Ouriceira
- 13-Praias de Chancelas
- 14-Punta Vixía
- 15-Illa de Tambo
- 16-Punta Xunqueiro
- 17-Area da Covicha.
Praia da Canteira.
- 18-COMBARRO. Peiraos da Canteira e da Chousa.
- 19-Praia do Padrón
- 20-Praia e punta da Pinela
- 21-A Seca. Regos Pereiro, do Mouro e das Cancelas. Enseada de Campelo.
- 22-Praia da Ostreira.
Illote dos Ratos
- 23-CAMPELO. Praia e porto.
- 24-Punta dos Galos
- 25-Praia da Cabeceira
Punta Parede
- 26-Praia do Polvorín/Lourido
- 27-Enseada de Lourido.
Peirao de Besada.
- 28-Punta das Saiñas
- 29-Punta Manaditas
- 30-A Puntada. O Castaño.
- 31-Ponte da Barca

O concello de Poio está situado na marxe dereita da ría de Pontevedra, desde Raxó ata o esteiro do Lérez, onde está conectado con Pontevedra pola ponte da Barca.

O releve é moi accidentado, as abas dos montes caen bruscamente cara ao mar e só hai algúns territorios chans na pequena faixa costeira, con numerosos ríos que baixan do Castrove (regos dos Mouros, Cancela, Covelo e Muíños) e son de curto percorrido e pendentes pronunciadas.

Nos 15 km de costa do concello alternan os esteiros e marismas formados polos numerosos ríos que achegan os seus sedimentos, algunhas praias e pequenas zonas rochosas de pouca altura. Hai importantes zonas de marisqueo a pé e parques de cultivo. As principais poboacións costeiras son Raxó, Combarro e Campelo.

É un concello dun gran interese natural, artístico e etnográfico.




Combarro

PERCORRIDO

Unha viaxe de interese paisaxístico e ambiental ao longo dun litoral con dúas partes ben diferenciadas: o tramo entre Raxó e Combarro ata A Seca en Poio, con tramos rochosos de pouca altura, de acceso imposible porque están totalmente cubertos por edificacións e os seus peches, e areas de accesos limitados pola mesma razón; e o tramo entre A Seca e a Ponte da Barca con escasa presión humana, máis natural, con grandes superficies areosas que son bancos marisqueiros, os lameiros do fondo da ría nos que se poden atopar numerosas limícolas e outras aves acuáticas e fermosos lugares para un paseo.

Plantexamos un achegamento aos puntos das costa máis interesantes e de doado acceso con vehículos. Ademais hai numerosas opcións de realizar roteiros a pé e varios lugares acondicionados como miradoiros a carón da estrada.

Comezamos no porto de **Raxó**, poboación que linda con Sanxenxo, onde poderemos coñecer as **praias da Pedra Alta, Xiorto, Raxó e As Sinás**. Continuamos pola estrada cara a Poio e Pontevedra e ao pouco podemos parar para achegarnos a pé á **praia de Fontemaior**. Máis adiante atopamos o acceso á praia do Laño, de onde parte un paseo acondicionado que pola **punta de Samieira** lévanos ao **Covelo** onde atopamos o peirao e varias praias. De novo na estrada seguimos ata o desvío ás **praias de Chancelas Pequena e á punta Vixía**, o punto máis achegado á **illa de Tambo**, que forma parte do territorio do concello de Poio e estivo presente en todo o traxecto. A seguinte parada é **Combarro**, onde temos as **praias da Canteira e do Padron**, os peiraos da Canteira e da Chousa e un fermoso conxunto de interese histórico-artístico e etnográfico no que destacan as casas mariñeiras e os hórreos na beira do mar. Despois dunha visita detida a Combarro seguimos viaxe desviándonos á **Seca**, onde temos vistas da **enseada de Campelo**, as desembocaduras dos **regos Pereiro, do Mouro e das Cancelas** e unha ampla área de lecer desde onde parte un roteiro a pé polo litoral que remata en Lourido. Para seguir en coche hai que volver á estrada principal e ao pouco coller un desvío que nos leva primeiro a Campelo, onde podemos ver a praia e o porto, e logo a Lourido onde poderemos visitar as praias da Cabeceira e do Polvorín ou Lourido, de novo fronte á illa de Tambo. Nesta zona pódese facer un bo paseo pola seca na marea baixa. Seguimos de novo cara á estrada e podemos achegarnos, para rematar a viaxe, ao **porto da Barca**, compartido co concello de Pontevedra e desde o que podemos ter unha boas vistas do último tramo da costa de Poio.



Ría de Pontevedra: enseada de Campelo, Combarro e Tambo (desde o Castrove)

A **Ría de Pontevedra** é a máis pequena das rías baixas e ábrese, seguindo unha fractura con dirección SO-NE, entre as puntas de Cabastró, ao norte e o cabo Udra, ao Sur. Está separada da ría de Vigo pola península do Morrazo na que se eleva a Serra de Domaio. O río máis importante que desauga nela o o Lérez e do Castrove e Domaio baixan pequenos regatos. Na boca da ría atópase o arquipélago de Ons e no seu interior a pequena illa de Tambo.



1-RAXÓ. Vista desde o miradoiro da Granxa.

Unha pequena vila mariñeira cun porto dedicado á pesca de baixura e o marisqueo. No primeiro plano a praia de Xiorto e ao fondo a illa de Tambo.

Ría de Pontevedra desde o Castrove






2-Praia e porto de Raxó.



3-Praia das Sinás



Praia das Sinás



3-Enseada das Sinás



Praia A Lameiriña



4-Praia de Fontemaior



5-O Tombo




6-O Carballo



7-Punta do Mar. Ao fondo a praia do Laño, a punta de Samieira e a illa de Tambo



8-Praia do Laño. Rego dos Muíños.



Rego dos Muíños



Estripo na praia do Laño



9-Punta de Samieira



Praia do Caeiro



Rego de Covelo.



10-Porto e praia de Covelo



Punta da Cachola.



12-Area da Barca. Punta da Cachola.



Praia da Ouriceira





13-Praia de Chancelas e punta Carajilla



13-Praia Pequena de Chancelas e punta Vixia

15-Illa de Tambo


A **illa de Tambo** está separada da costa de Poio por unha canle de 1,1 km, de pouca profundidade. A súa superficie é de 0'28 km², cunha altura máxima de 80 m, e un perímetro de 4 km. No século VI houbo unha capela e logo un mosteiro. No século XII era propiedade da raíña Urraca e logo foi doada ao convento de San Xoán de Poio. En 1846, coa desamortización pasa a mans privadas e é mercada polo ministerio de Xustiza. Funcionou como lazareto e penitenciaría militar. En 1943 coa creación da Escola Naval Militar de Marín pasa a uso militar e emprégase como arsenal. Desde outubro de 2018 permítense visitas organizadas á illa. Está proposta a súa inclusión no Parque Nacional das Illas Atlánticas.



Faro e punta de Tenlo



Area da Illa e punta Corveira



Vista oeste



16-17- Punta Xunqueiro e Area da Covicha.



17- Praia da Canteira.



18-COMBARRO. Peiraos da Canteira e da Chousa.



Combarro, unha vila mariñeira que conserva un dos conxuntos arquitectónicos populares máis interesantes de Galiza e no que destacan as casas mariñeiras e os hórreos (máis de trinta) á beira do mar. Está declarado Ben de Interese Cultural, Conxunto Histórico e Sitio Histórico.





Peiraos de Combarro



19-Praia do Padrón



Enseada de Campelo, entre Combarro e a punta dos Galos



20-Praia e punta da Pinela



21-A Seca, na enseada de Campelo.






A Seca. Desembocadura do rego do Pereiro



A Seca. Desembocadura do rego do Mouro.



Rego das Cancelas. uns poucos metros augas arriba ten un grupo de muiños e unha fervenza, os **Muíños da Freixa**, merecentes dunha visita.



22-Praia da Ostreira



Illote dos Ratos



Punta de Campelo



Enseada de Campelo



23-Praia de Campelo



Porto de Campelo



24-Punta dos Galos



25-Praia da Cabeceira



Praia da Cabeceira



Punta Parede



26-Praia do Polvorín/Lourido. De 700 m de lonxitude, ocupa unha frecha antes de comezar o esteir do Lérez. É a primeira praia da marxe dereita da ría de Pontevedra.



Enseada e praia de Lourido



27-Enseada de Lourido



Peirao de Besada



28-Punta das Saiñas



29-Punta Manaditas desde a punta das Saiñas



30-A Puntada



O Castaño



O Castaño



Costa de Poio no esteiro do Lérez



A Barca